

**MEMORIA DE RESTAURACIÓN DE
ARBORADO DO PARQUE PÚBLICO DE
BALTAR
PORTONOVO-ADINA**

ANTECEDENTES

A petición do Concelleiro de Medio Ambiente do Concello de Sanxenxo e debido ao mal estado do arborado da área recreativa de Baltar na parroquia de Adina elaborase esta memoria de restauración do parque público de Baltar-Portonovo na parroquia de Adina.

No arborado da área recreativa de Baltar na parroquia de Adina é conveniente a realización dunha intervención eliminando os árbores que puidesen ser un potencial perigo para as persoas que accedan o mesmo, e substituír os exemplares danados (torcidos, secos, etc.).

Esta zona é bastante concorrida debido a que se atopa ao lado dun Instituto de educación secundaria, una urbanización, e unha zona deportiva formada por campos de fútbol e piscina municipal, zona de aparcamento e estrada.

O arborado da zona é principalmente piñeiro de gran altura, os cales dende a súa plantación apenas tiveron mantemento silvícola o que provocou que na actualidade moitos exemplares presenten varios problemas de seguridade como:

- Exemplares demasiado xuntos, o que provocou un crecemento desproporcionado entre a anchura do tronco e a altura do mesmo, o que fai que as ramas non se desenvolverán suficientemente, presentando troncos inclinados que incrementan o risco de caída en condicións atmosféricas desfavorables.





1, 2 e 3.- Nestas imaxes aprécianse os piñeiro xuntos, con troncos delgados para o tamaño das arbores e nalgúns casos bastante inclinados.

- Árbores cuxas ramas invaden a vía pública e están a unha distancia de menos de dous metros da mesma.



4.- Nesta imaxe vese un piñeiro inclinado sobre a vía pública (beirarrúa e estrada), a menos de dous metros da mesma.

- Árbores cuxas ramas están sobre a área de xogos infantil (parque infantil), con risco de caída de ramas e piñas sobre dita área e follas que ensucian a zona, dificultando as labores de mantemento.



5.- Vista xeral dos arbores enriba da zona infantil.



6 e 7.- Nestas imaxes apreciase ramas e acículas caídas sobre a zona infantil de xogos.

- Árbores secos e con ramas secas.





8, 9 e 10.- Estas imaxes mostran árbores con ramas secas ou árbores secas na súa totalidades.

- Árbores moi próximas ou sobre o tendido eléctrico.



11 e 12.- Estas imaxes mostran unha vista xeral e outra en detalle de árbores con ramas sobre o cableado do tendido eléctrico.

Non se realizou unha inspección con mais detalle para comprobar o estado fitopatolóxico do arborado.

No parque tamén existen outras especies arbóreas de xardín que aparentemente non presentan ningún problemas de mantemento.

Consideramos que os problemas descritos favorecen a caída de piñas, ramas ou o propio árbore e iso pon en perigo aos seus usuarios, sobre todo na zona infantil onde a simple presenza de piñas, pequenas ramas e follas, poden levar aos nenos que xogan nesa zona a esvarar ou tropezar ocasionando caídas dos mesmos.

Ademais a caída dunha árbore nun día de temporal aínda que non permanezan os usuarios do parque no citado espazo pode causar danos ao mobiliario urbano (elementos infantís, papeleiras, muros, etc.) a outras instalacións próximas (equipamentos deportivos, centro escolar, edificacións privadas, instalacións eléctricas), así como as vías que rodean ao parque e os usuarios das mesmas, tanto peóns como tráfico rodado, e vehículos que estacionan nas mesmas.

Ademais disto, este parque esta situado entre dúas zonas de ocio nocturno durante a tempada estival, polo que é frecuente ver a grupos de persoas que frecuentan dito espazo pola noite, en tempada estival. Isto con leva certo risco de incendio, debido a cabichas mal apagadas ou a accións vandálicas como prender lume en papeleiras ou nas zonas de grella.

Tendo presente as recomendacións da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, así como o disposto no artigo 9 da Lei 9/ 2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia sobre deberes de uso, conservación e rehabilitación, o cal di "*Os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán...mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e de acordo coas normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*"

E debido aos problemas descritos anteriormente que presenta o arborado do parque, principalmente os piñeiros, podemos concluír que sería convinte acometer as seguintes medidas:

- Eliminación da totalidade do arborado seco ou das súas ramas se é posible conservar o resto da arbore.
- Eliminación do grupo de piñeiros que se atopan na zona infantil.
- Eliminación dos árbores que teñan o fuste inclinado ou unha desproporción entre o tronco e as súas ramas.
- Eliminación do arborado que situado preto do tendido eléctrico e que as súas ramas podían danalo.
- Tala de rareo dalgún outro árbore que sexa preciso para facer oco para que os exemplares que teñan a carón podan medrar correctamente.
- Eliminación do arborado próximos as beirarrúas e zonas de aparcadoiro.

- Unha vez eliminadas estas árbores, na súa maioría piñeiros recomendase realizar unha plantación doutras especies arbóreas debido a importancia social e ambiental dos arbores.

OBXECTIVO.-

O obxecto principal que se pretende coa restauración do arborado no Parque Público de Baltar é garantir a seguridade dos usuarios deste espazo.

ACCIÓNS A LEVAR A CABO.-

Eliminación de todo o *Pinus pinaster* existente no parque debido ao mal estado (arbores secas total ou parcialmente, arbores moi tortos ou con crecemento desigual, etc.) ou situación do mesmo (enriba da zona de xogo infantil, sobre cabreado eléctrico, zona de aparcamento, etc.). Na parcela existen aproximadamente 142 tn de *Pinus pinaster*, de porte bastante delgado, que no mercado poderían ser vendidas como madeira de puntal.

Eliminación de aproximadamente 9 Tn de acacia, que no mercado poderían ser venidas como madeira para leña.

Plantación de **35** árbores dun diámetro mínimo de 14/16. As especies arbóreas serían *Pinus pinea*, *Acer negundo* ou *Acer palmatum*.

VALORACIÓN ECONÓMICA.-

TRABALLO A REALIZAR	CUSTE
142 TN Tala de todo o Pinus pinaster existente na parcela 9 TN tala de acacia Nos traballos de tala inclúese a limpeza de restos de tala da parcela (triturado) (151 TN X 17 € TN)	2.567,00 €
Plantación de 35 arbores dun diámetro mínimo de 14/16. As especies arbóreas serían <i>Pinus pinea</i> , <i>Acer negundo</i> ou <i>Acer palmatum</i> . (Prezo de mercado da arbore plantada 60 €).	2.100,00 €
TOTAL	4.667,00 €

VENTA DE MADEIRA	CUSTE
142 TN puntal de Pinus Pinaster (31,5 €/tn x 142 tn)	4.473,00 €
9 TN Acacia para leña (21 €/TN X 9 TN)	189,00 €
TOTAL	4.662,00 €

O custe aproximado que tendra a realización dos traballos de tala, limpeza da parcela e plantación de novas arbores sería de 4.667,00 €, e a posta da madeira no mercado obtería un valor aproximado de 4.662,00 €, polo que pola realización destes traballos o Concello de Sanxenxo tería que abonar 5 €, xa que debido a sobrecarga de traballo dos operarios municipais e a dificultade da tala debese valorar a contratación de realización dos traballos con medios externos. Para a valoración destes traballos tívose en conta os prezos incluíndo o Imposto de Valor Engadido.

Sanxenxo, 6 de marzo de 2018

A técnica Medio Ambiente Municipal
Carmen Manuela Méndez Pérez

SR CONCELEIRO DE MEDIO AMBIENTE DO CONCELLO DE SANXENXO